B5.1.	LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores de Vangarda e outros autores.	Describe a poesía galega de 1916 a 1936.	1.5		X		Procedementos:análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula. Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula.	CCL	e,n
	LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros autores.	Describe a prosa de 1916 a 1936.	1.5		X		Procedementos:análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula. Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula.	CCL	
	LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.	Describe o teatro de 1916 a 1936.	1.5		X		Procedementos:análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula. Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula.	CCL	
B5.2.	LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Le e comenta textos de poesía galega de 1916 a 1936.	1		X		Procedementos:análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula. Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula.	CCL	e,d,n
	LGB5.2.2. Le e comenta textos	Le e comenta textos de	1	X			Procedementos:análise das producións	CCL	

	representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	prosa galega de 1916 a 1936.					do alumnado, probas, observación directa na aula. Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula.		
	LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Le e comenta textos de teatro galego de 1916 a 1936.	1		X		Procedementos: análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula. Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula.	CCL	
B5.3.	LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.	Describe a poesía galega de 1936 a 1975.	1.5			X	Procedementos: análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula. Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula.	CCL	e,n
	LGB5.3.2 Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores dos primeiros 70.	Describe a prosa galega de 1936 a 1975.	1.5			X	Procedementos: análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula. Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula.	CCL	
	LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.	Describe o teatro galego de 1936 a 1975.	1.5			X	Procedementos: análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula. Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula.	CCL	
B5.4.	LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos	Le e comenta textos de poesía galega de 1936 a 1975.	1			X	Procedementos: análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula.	CCL	e,d,n

	en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.						Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula.		
	LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Le e comenta textos de prosa galega de 1936 a 1975.	1			X	Procedementos:análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula. Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula.	CCL	
	LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Le e comenta textos de teatro galego de 1936 a 1975.	1			X	Procedementos:análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula. Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula.	CCL	
B5.5.	LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/autoras dos 80, 90 e o novo século.	Describe a poesía galega do 75 á actualidade.	1.5			X	Procedementos:análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula. Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula.	CCL	e,n
	LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos principais autores dos 80, 90 e o novo século.	Describe a prosa galega do 75 á actualidade.	1.5			X	Procedementos:análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula. Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula.	CCL	
	LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/autoras dos 80, 90 e o novo século.	Describe o teatro galego do 75 á actualidade.	1.5			X	Procedementos:análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula. Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula.	CCL	
B5.6.	LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de	Le e comenta textos de poesía galega do 75 á	1			X	Procedementos:análise das producións do alumnado, probas, observación	CCL	e,d,n

	1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	actualidade.					directa na aula.		
	LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Le e comenta textos de prosa galega do 75 á actualidade.	1			X	Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula. Procedementos: análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula.	CCL	
	LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	Le e comenta textos de teatro galego do 75 á actualidade.	1			X	Instrumentos: probas escritas, traballos escritos e diario de aula. Procedementos: análise das producións do alumnado, probas, observación directa na aula.	CCL	
	LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	Comenta unha obra completa de cada un dos períodos literarios.	1	X	X		Instrumentos: probas escritas e traballos. Procedementos: probas escritas.	CCL	e,n

3.3. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS POR CURSO.


2º ESO

	C. oral. escoitar e falar	C. escrita. Ler e escribir	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria
UNIDADE 1 1º exame I TRIM	Escoita activa. Uso das normas de cortesía. Texto instrutivo.	Lectura comprensiva e en voz alta. Tema, resumo, idea principal e esquema. O aviso.	Léxico: o medio natural. O substantivo: morfoloxía.	Variedades diafásicas e estándar da lingua.	Lectura de obras literarias. Textos literarios e non literarios. Os xéneros literarios.
UNIDADE 2 2º exame I TRIM	Escoita activa e uso das normas de cortesía. Corrección fonética e adecuación.	Lectura comprensiva e en voz alta. Tema, resumo, idea principal e esquema. Carta formal e informal.	Léxico: Animais. Normas ortográficas: b,v. Verbo. Morfoloxía.	Plurilingüismo. Lusofonía.	Lectura de obras literarias. Textos narrativos. O narrador.
UNIDADE 3 3º exame II TRIM	Escoita activa e uso das normas de cortesía. Intercambio de opinión.	Lectura comprensiva e en voz alta. Tema, resumo, idea principal e esquema. O diario. O texto descritivo.	Léxico: medios de transporte. Normas ortográficas. O H e os grupos cultos. Conectores e mecanismos de coherencia interna.	Situación sociolingüística do galego. Proceso de normalización.	Lectura de obras literarias. Textos narrativos. Tempo, espazo e personaxes.
UNIDADE 4 4º exame	Escoita activa e uso das normas de cortesía. Fonética e prexuízos.	Lectura comprensiva e en voz alta. Tema, resumo, idea principal e esquema.	Léxico: o tempo climatolóxico. Normas ortográficas. Uso de	Situación legal das linguas en España.	Lectura de obras literarias. Poesía e subxéneros. Métrica.

II TRIM		O texto expositivo.	s/x. Fonética e fonoloxía.		
UNIDADE 5 5º exame III TRIM	Escoita activa e uso das normas de cortesía. Noticias.	Lectura comprensiva e en voz alta. Tema, resumo, idea principal e esquema. O texto xornalístico. Tipos e características.	Léxico: Os medios de comunicación. Puntuación. Punto, coma e punto e coma. Introdución á oración. Clasificación.	Prexuízos lingüísticos. Lingua minorizada e lingua minoritaria.	Lectura de obras literarias. Poesía. Os recursos estilísticos.
UNIDADE 6 6º exame III TRIM	Escoita activa e uso das normas de cortesía. Intercambio de opinións e planificación do discurso oral.	Lectura comprensiva e en voz alta. Tema, resumo, idea principal e esquema. Textos propios da vida educativa. Webs educativas, dicionarios, enciclopedias, glosarios, cuestionarios...	Léxico. Os medios de comunicación. Puntuación. Dous puntos, puntos suspensivos, comiñas e raia. Introdución á oración. Modalidades oracionais.	Toponimia galega e xentilicios. Variedades xeográficas ou dialectais.	Lectura de obras literarias. Teatro. Cine.

4º ESO

	C. oral. escoitar e falar	C. escrita. Ler e escribir	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria
1º exame I TRIM	Escoita activa. Comprensión de texto. Fonética e prosodia	Tema, intención comunicativa, resumos, esquemas e mapas	Léxico: Diversidade de xénero. Tabú e eufemismo.	Plurilingüismo. Situación legal das linguas en España. Lingua como medio de	Literatura de preguerra: Irmandades da Fala. Lectura de textos do




	galegas.	conceptuais. Comprensión de textos do ámbito educativo. Rexistros lingüísticos.	Fonética e fonoloxía. Normas ortográficas e morfolóxicas e puntuación.	relación interpersonal. Variedades lingüísticas e dialectais.	período. Comentarios. Consulta de información. Creación de textos de intención literaria.
2º exame I TRIM	Comprensión de textos. Uso das TIC para a oralidade. Escoita activa.	Tipos de textos. Propiedades textuais. O texto argumentativo.	Sintaxe: frase e cláusula simple.	Lusofonía. Evolución da lingua de 1916 a 1975. Estandarización do galego.	O Grupo Nós. Lectura de textos. Comentarios. Creación de textos de intención literaria.
3º exame II TRIM	A publicidade. Comprensión de textos.	Textos administrativos. A solicitude ou a instancia; a carta formal, comercial e administrativa. O curriculum vitae.	Léxico: o mundo laboral O substantivo e adxectivo. Morfoloxía. Uso de dicionarios e outras fontes. Relacións de significado.	Evolución da lingua de 1975 ata hoxe.	As vangardas. Literatura de posguerra. A literatura galega no exilio.
4º exame II TRIM	Escoita crítica. Participación en debates e interaccións.	Producción de textos. Planificación, organización, redacción e revisión de textos. O texto argumentativo.	Sintaxe: cláusula complexa. Subordinadas substantivas, adxectivas e adverbais.	Conflicto lingüístico. Prexuízos lingüísticos.	A narrativa de posguerra. Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. X.L. Méndez Ferrín.

5º exame III TRIM	Textos dos medios de comunicación. Escoita crítica.	Carta ao director, columna, editorial e artigo. Prexuízos na prensa.	Léxico: As adicións. O verbo. Morfoloxía e perífrases. Polisemia e homonimia.	Proceso de normalización. Normativización.	Literatura entre 1975-2000. A poesía de posguerra: Xeración de 1936, Promoción de Enlace e Xeración das Festas Minvervais. O teatro de posguerra.
6º exame III TRIM	Escoita crítica e produción de discursos. Participación en debates e interaccións.	A publicidade. Uso de bibliotecas e TIC.	Léxico: Onomástica. Normas ortográficas e morfolóxicas, puntuación. Sintaxe: oracións coordinadas e bipolares.	As variedades dialectais da lingua. Situación actual do idioma.	A literatura de 1975 á actualidade. Poesía, narrativa e teatro.

2º BACHARELATO

	C. oral. escoitar e falar	C. escrita. Ler e escribir	Funcionamento da lingua	Lingua e sociedade	Educación literaria
1º exame I TRIM	Fonética e prosodia do galego.	O texto. Descrición das propiedades dun texto e comentario de textos.	Sintaxe. Introducción xeral. A frase. As funcións clausais. Fonética e fonoloxía. Os fonemas.	Evolución da conciencia lingüística. A lingua galega entre 1900 e 1936.	A literatura galega entre 1916-1936. As Irmandades da Fala. O grupo Nós. Lecturas, análise e comentario de texto.
2º exame I TRIM	O texto oral (charla, conferencia...). Intención comunicativa, idea principal e secundarias, resumos, esquemas ou mapas conceptuais.	Planificación e produción de textos. Busca de información.	A estrutura das palabras. Os morfemas. Tipos de palabras. A formación de palabras. Substantivos e adxectivos.	Unidade e diversidade das linguas. Construción da variedade estándar.	A literatura galega entre 1916-1936. As Vangardas.



3º exame II TRIM	Comprensión e interpretación de textos expositivos.	Descrición das propiedades dun texto e comentario de textos. O texto expositivo.	Sintaxe. Tipoloxía de cláusulas. Cláusulas complexas, compostas e bipolares.	Historia da lingua. A lingua galega durante o franquismo.	A literatura galega entre 1936 e 1975. A literatura galega na diáspora ou exilio.
4º exame II TRIM	Comprensión e interpretación de textos argumentativos.	Descrición das propiedades dun texto e comentario de textos. O texto argumentativo.	A estrutura das palabras. Os morfemas. O verbo.	Conflicto lingüístico e prexuízos.	A literatura galega entre 1936 e 1975. A literatura galega de posguerra: poesía, narrativa, ensaio e teatro.
5º exame III TRIM	A exposición oral. Participación en debates.	Os distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta.	As variedades lingüísticas. Variedades do galego. Variedades dialectais.	Historia da lingua (1978-actualidade). Situación sociolingüística actual.	A literatura galega de 1975 á actualidade. A xeración dos 50.
6º exame III TRIM	Principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social. Os anuncios publicitarios.	Comentario e produción de textos de distinto tipo: educativos, xornalísticos e profesionais.	A semántica. Significado, denotación e connotación. O lexema. Campo lexical ou campo semántico.	As funcións e ámbitos de uso da lingua.	A literatura galega de 1975 á actualidade. Tendencias da literatura galega actual: narrativa, ensaio, poesía e teatro.

4. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA A MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA.


O ensino da Lingua e Literatura na Educación Secundaria debe partir do respecto aos coñecementos e usos que da lingua fan os alumnos e alumnas e mostrarlles aqueles patróns expresivos que amplíen as súas posibilidades de comunicación na sociedade. Terán, xa que logo, gran importancia a linguaxe do profesor/a e a calidade e diversidade dos textos que se empreguen na aula, procedan estes dos medios de comunicación ou da propia Literatura, que deste xeito se integra na Lingua como unha manifestación máis, aínda que importantísima, do feito comunicativo.

Durante esta etapa débese favorecer o uso funcional da linguaxe, sexa oral ou escrita, en canto que é eficaz instrumento de comunicación e representación. O estudo da lingua permite descubrir ao alumnado as posibilidades que ofrecen a lectura e a escritura como fontes de pracer e de fantasía, de información, de expresión creativa... Cómpre tamén potenciar a reflexión sistemática sobre o aspecto formal da lingua, co fin de mellorar e enriquecer a propia competencia.

Para desenvolver a comprensión, deben empregarse estratexias que permitan interpretar, valorar e relacionar a información que se transmite na vida cotiá, como base para un posterior desenvolvemento da capacidade crítica en situacións máis formalizadas.

Educar a expresión supón axudar a transmitir as ideas, vivencias, sentimentos e opinións con adecuación, coherencia e corrección, así como cun estilo propio.

Por este motivo, empregarase unha metodoloxía activa, que se baseará na participación do alumnado e fuxirá da exposición maxistral do profesor/a. Intentarase que o alumno/a participe activamente nas clases, fomentando a aprendizaxe por descubrimento, de xeito que non reciban pasivamente os coñecementos, senón que eles/elas mesmos/as procuren as súas informacións, manexen diversos materiais, accedan a distintas fontes, descubran distintos puntos de vista sobre os temas, relacionen varios planos diferentes do saber... O profesor/a exercerá fundamentalmente a función de coordinador/a e orientador/a en todo o proceso de aprendizaxe do alumnado, atendendo en todo momento as súas necesidades. Neste proceso será fundamental, tamén, a utilización de **edixgal (ESO) e da aula virtual do IES (Bacharelato)**, como apoio para o profesor e como fonte de información e aprendizaxe para o alumnado.



4.1. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A 3ª AVALIACIÓN/AVALIACIÓN ORDINARIA E A AVALIACIÓN FINAL E/OU O REMATE DO PERÍODO LECTIVO.

4.1.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría).	
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> - Entrega de varios traballos voluntarios que servirán de repaso da materia dada durante o curso e de ampliación da mesma. - Aplicarase a rúbrica 6.
Actividades tipo	- Traballos voluntarios e/ou cadernos de exercicios que preparará o profesorado para repasar e/ou ampliar os coñecementos na materia.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Cadernos de exercicios/ traballos. - Material escrito e/ou edixgal e/ou aula virtual.

4.1.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo en 2º BAC (Preparación probas extraordinarias e ABAU).	
Metodoloxía	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de traballos voluntarios que servirán de repaso da materia dada durante o curso e de ampliación da mesma. - Realización de traballos e exercicios de preparación para as probas extraordinarias e para as ABAU.
Actividades tipo	<ul style="list-style-type: none"> - Traballos voluntarios e/ou cadernos de exercicios que preparará o profesorado para repasar os coñecementos na materia e preparar as ABAU. - Traballos e/ou cadernos de exercicios para repasar e preparar as extraordinarias e as ABAU.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Cadernos de exercicios/traballos. - Material escrito e/ou aula virtual.

5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os materiais que se empreguen no proceso de aprendizaxe procurarán ser axeitados para cada idade e nivel e deberán ser variados, áxiles e idóneos para o aspecto particular que se queira destacar. E poderán ser:

- Un *libro de texto* para cada nivel, escollido por consenso entre todos os membros do Departamento atendendo a criterios de calidade e adecuación didáctica, ou *unidades didácticas* elaboradas polo propio profesorado do Departamento, tal e como se detalla a continuación:

2º ESO	EDIXGAL. Unidades didácticas de elaboración propia.
4º ESO	EDIXGAL. Smart Netex 4º de ESO e materiais variados e/ou de elaboración propia.
2º BACHARELATO	<i>Lingua galega e literatura 2º Bacharelato</i> , edit. Baía edicións-Consorcio editorial galego. [ISBN: 978-84-9995-197-3]

– Fotocopias de exercicios, textos ou artigos que completen o que achegue o libro de texto.

– Libros de distintos temas (dicionarios, obras literarias, divulgativos, de ensaio...) que non sexan propiamente o libro de texto establecido en cada nivel.

- Cadernos de exercicios.

– Cómics e bandas deseñadas.

– Vídeos didácticos, divulgativos, filmes...

– Gravacións sonoras: discos compactos de música relacionada con calquera aspecto do tema, de recitais, de conferencias pronunciadas por persoeiros, de autores senlleiros da cultura galega, etc.

– Xogos didácticos e tradicionais.

– Diapositivas, fotografías e recortes.

– Xornais, revistas, etc. O uso da prensa na aula será un recurso fundamental para coñecer a lingua viva e familiarizar ao alumnado con este medio, básico para achegarse á actualidade, á cultura, á lingua...

- Unha selección de diferentes lecturas por nivel (**vid. ANEXO I**).

– Novas tecnoloxías: na ESO cada alumno terá o seu portátil (somos centro Edixgal), pero o resto do alumnado fará uso dos ordenadores do centro (aulas de informática, biblioteca) como unha ferramenta máis de traballo e usarase internet como unha fonte máis de aprendizaxe.

- **Potenciarase a utilización da aula virtual do IES en todos os niveis e de Edixgal en toda a ESO**, xunto con outras plataformas que sexan necesarias en función das distintas necesidades(ex. Drive).

Non hai que esquecer que o anterior é só un exemplo: todos os recursos do Centro, e mesmo todo o seu entorno, son aproveitables como posible material que nos facilite o coñecemento dos aspectos máis diversos; o concepto de material escolar será, pois, o máis aberto, flexible e variado posible.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

Con carácter xeral, a avaliación do alumnado será obxectiva e coherente cos criterios pedagóxicos adoptados durante o curso e dará conta en termos de capacidades dos estándares conceptuais, actitudinais e procedimentais adquiridos por eles no período avaliado. Ademais, para realizar a avaliación empregaranse instrumentos e técnicas diferenciados segundo a súa idoneidade para valorar os distintos tipos de coñecementos.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, terá carácter formativo e orientador e levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo: as competencias clave, os obxectivos, os contidos, os estándares de aprendizaxe e os criterios de avaliación. Realizarase unha avaliación continua en todos os niveis da secundaria obrigatoria, o que conlevará a recollida permanente de información por parte do profesor/a por diversos medios: realización de probas e controis, observación do progreso dos alumnos/as, preguntas orais, realización de pequenos traballos, etc.

AVALIACIÓN INICIAL.

A principio de curso irase facendo unha avaliación inicial, individualizada, de cada alumno,

atendendo á observación directa na aula da súa participación e dúbidas e interacción cos compañeiros/as. Farase tamén a observación directa do caderno de traballo ou exercicios que vaia entregando. Finalmente, farase unha proba escrita inicial, para ver o nivel xeral do grupo e particular de cada alumno. Aquí detectaranse, tamén, as posibles necesidades particulares de cada alumno/a (falta de atención, problemas de expresión e/ou comprensión, falta de base, etc.) que se poñerán en común na preavaliación (ESO) e así poderase decidir sobre a correcta ubicación nos reforzos ou sobre a necesidade de aplicar medidas específicas (RE, ACI, etc.).

AVALIACIÓN CONTINUA/FORMATIVA.


Realizarase durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a marcha do alumnado e da que formarán parte as probas de cada período avaliatorio e completárase cunha avaliación sumativa, que valorará ao final do proceso o grao de consecución obtido polo alumno/a respecto aos obxectivos previstos. O proceso de avaliación será, xa que logo, un proceso continuo e acumulativo.

A necesidade de avaliar é inherente á función de ensinar; os alumnos deberán ter presente esta necesidade e implicarse no proceso de avaliación de diversas maneiras: con suxestións sobre modelos de avaliación, proposta de calendario de probas de avaliación, responsabilidade na realización de exercicios, facilitación do labor do/a profesor/a, autocorreccións, etc.

AVALIACIÓN FINAL.

Na cualificación final influirán o grao de asimilación de contidos por parte do alumno/a; a realización das lecturas obrigatorias; a actitude de traballo, interese e respecto amosada na clase durante todo o curso; o seu comportamento xeral e a súa asistencia regular ás aulas.

Deste xeito, as cualificacións obteranse atendendo ás seguintes proporcións:



1. Criterios sobre a avaliación e cualificación de 2º DE ESO

Cálculo da nota da 1ª avaliación:

Instrumento	Crit. Cualif.	Criterios de corrección
Probas obxectivas escritas.	70%	- Modelo de exame con preguntas.
Lecturas: - Probas escritas. - Debate. - Traballos.	10%	- Modelo de exame con preguntas. - Control dos traballos de lecturas (Rúbrica 3).
Oralidade: Observación diaria na aula.	5%	- Rúbrica 1.
Proxecto: individual e/ou en grupo (un por trimestre).	5%	-Rúbrica 5.
Traballo diario e actitude: - Control de exercicios /tarefas. - Observación directa do traballo, actitude e participación.	10%	- Rúbrica 2.

1ª avaliación


TOTAL: suma de cada unha das partes.

- Aplicarase o redondeo á alza cando o alumno/a acadase un decimal superior a 0,75. En caso contrario a nota será o número enteiro inferior.
- Porén, para obter a cualificación de SUFICIENTE, a cualificación non pode ser inferior a 5, non procedendo, neste caso, o redondeo á alza.

- O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) nas mesmas. Así, o alumno/a deberá repetir a proba no tempo e forma que o profesor/a indique.
- En canto á corrección ortográfica, en todas aquelas probas escritas (exames) e traballos entregados polo alumnado será de aplicación a **Rúbrica 4**.

Procedemento de recuperación da 1ª avaliación:

Exame de recuperación a finais do 1º trimestre ou comezos do 2º.



Cálculo da nota da 2ª avaliación:

Instrumento	Crit. Cualif.	Criterios de corrección
Probas obxectivas escritas.	70%	- Modelo de exame con preguntas.
Lecturas: - Probas escritas. - Debate. - Traballos.	10%	- Modelo de exame con preguntas. - Control dos traballos de lecturas (Rúbrica 3).
Oralidade: Observación diaria na aula.	5%	- Rúbrica 1.
Proxecto: individual e/ou en grupo (un por trimestre).	5%	-Rúbrica 5.
Traballo diario e actitude: - Control de exercicios /tarefas. - Observación directa do traballo, actitude e participación.	10%	- Rúbrica 2.

2ª avaliación


TOTAL: suma de cada unha das partes.

- Aplicarase o redondeo á alza cando o alumno/a acadase un decimal superior a 0,75. En caso contrario a nota será o número enteiro inferior.
- Porén, para obter a cualificación de SUFICIENTE, a cualificación non pode ser inferior a 5, non procedendo, neste caso, o redondeo á alza.

- O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) na mesma. Así, o alumno/a deberá repetir a proba no tempo e forma que o profesor/a indique.
- En canto á corrección ortográfica, en todas aquelas probas escritas (exames) e traballos entregados polo alumnado será de aplicación a **Rúbrica 4**.

Procedemento de recuperación da 2ª avaliación:

Exame de recuperación a finais do 2º trimestre ou comezos do 3º.



Cálculo da nota da 3ª avaliación:

Instrumento	Crit. Cualif.	Criterios de corrección
Probas obxectivas escritas.	70%	- Modelo de exame con preguntas.
Lecturas: - Probas escritas. - Debate. - Traballos.	10%	- Modelo de exame con preguntas. - Control dos traballos de lecturas (Rúbrica 3).
Oralidade: Observación diaria na aula.	5%	- Rúbrica 1.
Proxecto: individual e en grupo (un por trimestre).	5%	-Rúbrica 5.
Traballo diario e actitude: - Control de exercicios /tarefas. - Observación directa do traballo, actitude e participación.	10%	- Rúbrica 2.

3ª avaliación


TOTAL: suma de cada unha das partes.

- Aplicarase o redondeo á alza cando o alumno/a acadase un decimal superior a 0,75. En caso contrario a nota será o número enteiro inferior.
- Porén, para obter a cualificación de SUFICIENTE, a cualificación non pode ser inferior a 5, non procedendo, neste caso, o redondeo á alza.

- O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) na mesma. Así, o alumno/a deberá repetir a proba no tempo e forma que o profesor/a indique.
- En canto á corrección ortográfica, en todas aquelas probas escritas (exames) e traballos entregados polo alumnado será de aplicación a **Rúbrica 4**.

Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:

Exame de recuperación ao rematar o 3º trimestre.




Cálculo para obter a cualificación final de curso:

1. No caso de que o alumno/a teña aprobadas as tres avaliacións, farase a media das notas obtidas en cada unha destas.
 - 1.1. Neste caso o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a *actividades de reforzo e ampliación* deseñadas polo profesorado que poderán supor un incremento da cualificación de ata un máximo de 1 PUNTO (aplicarase rúbrica 6).
2. No caso de ter algunha parte suspensa terá que examinarse daquela/s parte/s suspensas no exame final.
 - 2.1. O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase, neste caso, á preparación do exame final e a cualificación calcularase do seguinte xeito:

Cualificación final

Instrumento	Crit. Cualif.	Criterios de corrección
Proba escrita na que terán que demostrar un coñecemento suficiente dos contidos mínimos: <ul style="list-style-type: none"> - Cuestións referidas aos bloques 1 a 5 do currículo. - Cuestións referidas aos estándares sobre algunha das lecturas obrigatorias realizadas durante o curso. 	90% (9 puntos)	-Modelo de exame con preguntas.
	10% (1 punto)	
Total: suma de cada unha das partes = CUALIFICACIÓN FINAL. <ul style="list-style-type: none"> - Aplicarase redondeo á alza cando o alumno/a acadase un decimal superior a 0,75. En caso contrario a nota sería o número enteiro inferior. - Porén, para obter a cualificación de SUFICIENTE, a cualificación non pode ser inferior a 5, non procedendo, neste caso, ao redondeo á alza. 		

- O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) na mesma. Así, o alumno/a deberá repetir a proba no tempo e forma que o profesor/a indique.
- En canto á corrección ortográfica, en todas aquelas probas escritas (exames) e traballos entregados polo alumnado será de aplicación a **Rúbrica 4**.



2. Criterios sobre a avaliación e cualificación. 4º DE ESO

Cálculo da nota da 1ª avaliación:

Instrumento	Crit. Cualif.	Criterios de corrección
Probas obxectivas escritas.	80%	- Modelo de exame con preguntas.
Lecturas: - Probas escritas. - Debate. - Traballos.	10%	- Modelo de exame con preguntas. - Control dos traballos de lecturas (Rúbrica 3).
Oralidade: Observación diaria na aula.	2.5%	- Rúbrica 1.
Traballo diario e actitude: - Control de exercicios /tarefas. - Observación directa do traballo, actitude e participación.	7.5%	- Rúbrica 2.

1ª avaliación


TOTAL: suma de cada unha das partes.

- Aplicarase o redondeo á alza cando o alumno/a acadase un decimal superior a 0,75. En caso contrario a nota será o número enteiro inferior.
- Porén, para obter a cualificación de SUFICIENTE, a cualificación non pode ser inferior a 5, non procedendo, neste caso, o redondeo á alza.

- O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) na mesma. Así, o alumno/a deberá repetir a proba no tempo e forma que o profesor/a indique.
- En canto á corrección ortográfica, en todas aquelas probas escritas (exames) e traballos entregados polo alumnado será de aplicación a **Rúbrica 4**.

Procedemento de recuperación da 1ª avaliación:

Exame de recuperación a finais do 1º trimestre ou comezos do 2º.



Cálculo da nota da 2ª avaliación:

Instrumento	Crit. Cualif.	Criterios de corrección
Probas obxectivas escritas.	80%	- Modelo de exame con preguntas.
Lecturas: - Probas escritas. - Debate. - Traballos.	10%	- Modelo de exame con preguntas. - Control dos traballos de lecturas (Rúbrica 3).
Oralidade: Observación diaria na aula.	2.5%	- Rúbrica 1.
Traballo diario e actitude: - Control de exercicios /tarefas. - Observación directa do traballo, actitude e participación.	7.5%	- Rúbrica 2.

2ª avaliación


TOTAL: suma de cada unha das partes.

- Aplicarase o redondeo á alza cando o alumno/a acadase un decimal superior a 0,75. En caso contrario a nota será o número enteiro inferior.
- Porén, para obter a cualificación de SUFICIENTE, a cualificación non pode ser inferior a 5, non procedendo, neste caso, o redondeo á alza.

- O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) na mesma. Así, o alumno/a deberá repetir a proba no tempo e forma que o profesor/a indique.
- En canto á corrección ortográfica, en todas aquelas probas escritas (exames) e traballos entregados polo alumnado será de aplicación a **Rúbrica 4**.

Procedemento de recuperación da 2ª avaliación:

Exame de recuperación a finais do 2º trimestre ou comezos do 3º.



Cálculo da nota da 3ª avaliación:


Instrumento	Crit. Cualif.	Criterios de corrección
Probas obxectivas escritas.	80%	- Modelo de exame con preguntas.
Lecturas: - Probas escritas. - Debate. - Traballos.	10%	- Modelo de exame con preguntas. - Control dos traballos de lecturas (Rúbrica 3).
Oralidade: Observación diaria na aula.	2.5%	- Rúbrica 1.
Traballo diario e actitude: - Control de exercicios /tarefas. - Observación directa do traballo, actitude e participación.	7.5%	- Rúbrica 2.
TOTAL: suma de cada unha das partes.		
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicarase o redondeo á alza cando o alumno/a acadase un decimal superior a 0,75. En caso contrario a nota será o número enteiro inferior. - Porén, para obter a cualificación de SUFICIENTE, a cualificación non pode ser inferior a 5, non procedendo, neste caso, o redondeo á alza. 		

3ª avaliación

- O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) na mesma. Así, o alumno/a deberá repetir a proba no tempo e forma que o profesor/a indique.
- En canto á corrección ortográfica, en todas aquelas probas escritas (exames) e traballos entregados polo alumnado será de aplicación a **Rúbrica 4**.

Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:

Exame de recuperación ao rematar o 3º trimestre.



Cálculo para obter a cualificación final de curso:

1. No caso de que o alumno/a teña aprobadas as tres avaliacións, farase a media das notas obtidas en cada unha destas.

1.1. Neste caso o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a *actividades de reforzo e ampliación* deseñadas polo profesorado que poderán supor un incremento da cualificación de ata un máximo de 1 PUNTO (aplicarase rúbrica 6).

2. No caso de ter algunha parte suspensa terá que examinarse daquela/s parte/s suspensas no exame final.

2.1. O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase, neste caso, á preparación do exame final e a cualificación calcularase do seguinte xeito:

Instrumento	Crit. Cualif.	Criterios de corrección
Proba escrita na que terán que demostrar un coñecemento suficiente dos contidos mínimos : - Cuestións referidas aos bloques 1 a 5 do currículo. - Cuestións referidas aos estándares sobre algunha das lecturas obrigatorias realizadas durante o curso.	90% (9 puntos) 10% (1 punto)	-Modelo de exame con preguntas.


Total: suma de cada unha das partes = CUALIFICACIÓN FINAL.

- Aplicarase redondeo á alza cando o alumno/a acadase un decimal superior a 0,75. En caso contrario a nota sería o número enteiro inferior.
- Porén, para obter a cualificación de SUFICIENTE, a cualificación non pode ser inferior a 5, non procedendo, neste caso, ao redondeo á alza.

- O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) na mesma. Así, o alumno/a deberá repetir a proba no tempo e forma que o profesor/a indique.

- En canto á corrección ortográfica, en todas aquelas probas escritas (exames) e traballos entregados polo alumnado será de aplicación a **Rúbrica 4**.

Cualificación final



3. Criterios sobre a avaliación e cualificación de 2º BACHARELATO

Cálculo da nota da 1ª avaliación:


Instrumento	Crit. Cualif.	Criterios de corrección
Probas obxectivas escritas.	90%	- Modelo de exame con preguntas.
Lecturas: - Probas escritas. - Debate. - Traballos.	5%	- Modelo de exame con preguntas. - Control dos traballos de lecturas (Rúbrica 3).
Oralidade: Observación diaria na aula. Traballo diario e actitude: - Control de exercicios /tarefas. - Observación directa do traballo, actitude e participación.	5%	- Rúbrica 1. - Rúbrica 2.

1ª avaliación

TOTAL: suma de cada unha das partes.

- Aplicarase o redondeo á alza cando o alumno/a acadase un decimal superior a 0,75. En caso contrario a nota será o número enteiro inferior.
- Porén, para obter a cualificación de SUFICIENTE, a cualificación non pode ser inferior a 5, non procedendo, neste caso, o redondeo á alza.

- O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) na mesma. Así, o alumno/a deberá repetir a proba no tempo e forma que o profesor/a indique.
- Nas probas escritas aplicaranse os **criterios** ortográficos vixentes para os exames de selectividade propostos pola **CIUG** (nos dous cursos de Bacharelato o alumnado debe presentar xa un maior coñecemento da lingua e prepararse para afrontar as ABAU). Poderá descontarse ata un máximo de 2 puntos da cualificación na proba. Os erros poderán ser:



- **Moi graves:** Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.
- **Graves:** Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.
- **Leves:** Solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

Procedemento de recuperación da 1ª avaliación:

A materia ou partes de materia suspensas recuperaranse na/s seguinte/s proba/s escrita que se realicen ou nun exame de recuperación, segundo indique o profesor.


Cálculo da nota da 2ª avaliación:

Instrumento	Crit. Cualif.	Criterios de corrección
Probas obxectivas escritas.	90%	- Modelo de exame con preguntas.
Lecturas: - Probas escritas. - Debate. - Traballos.	5%	- Modelo de exame con preguntas. - Control dos traballos de lecturas (Rúbrica 3).
Oralidade: Observación diaria na aula. Traballo diario e actitude: - Control de exercicios /tarefas. - Observación directa do traballo, actitude e participación.	5%	- Rúbrica 1. - Rúbrica 2.

TOTAL: suma de cada unha das partes.

- Aplicarase o redondeo á alza cando o alumno/a acadase un decimal superior a 0,75. En caso contrario a nota será o número enteiro inferior.
- Porén, para obter a cualificación de SUFICIENTE, a cualificación non pode ser inferior a 5, non procedendo, neste caso, o redondeo á alza.

2ª avaliación



- O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) na mesma. Así, o alumno/a deberá repetir a proba no tempo e forma que o profesor/a indique.
- Nas probas escritas aplicaranse os **critérios** ortográficos vixentes para os exames de selectividade propostos pola **CIUG** (nos dous cursos de Bacharelato o alumnado debe presentar xa un maior coñecemento da lingua e prepararse para afrontar as ABAU). Poderá descontarse ata un máximo de 2 puntos da cualificación da proba. Os erros poderán ser:
 - Moi graves: Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.
 - Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.
 - Leves: Solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.


Procedemento de recuperación da 2ª avaliación:

A materia ou partes de materia suspensas recuperaranse na seguinte/s proba/s escritas que se realicen ou nun exame de recuperación (segundo indique o profesor).

Cálculo da nota da 3ª avaliación:

3ª avaliación

Instrumento	Crit. Cualif.	Criterios de corrección
Probas obxectivas escritas.	90%	- Modelo de exame con preguntas.
Lecturas: <ul style="list-style-type: none"> - Probas escritas. - Debate. - Traballos. 	5%	- Modelo de exame con preguntas. - Control dos traballos de lecturas (Rúbrica 3).
Oralidade: Observación diaria na aula. Traballo diario e actitude: <ul style="list-style-type: none"> - Control de exercicios /tarefas. - Observación directa do traballo, actitude e participación. 	5%	- Rúbrica 1. - Rúbrica 2.



TOTAL: suma de cada unha das partes.

- Aplicarase o redondeo á alza cando o alumno/a acadase un decimal superior a 0,75. En caso contrario a nota será o número enteiro inferior.
- Porén, para obter a cualificación de SUFICIENTE, a cualificación non pode ser inferior a 5, non procedendo, neste caso, o redondeo á alza.

- O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) na mesma. Así, o alumno/a deberá repetir a proba no tempo e forma que o profesor/a indique.
- Nas probas escritas aplicarase os **criterios** ortográficos vixentes para os exames de selectividade propostos pola **CIUG** (nos dous cursos de Bacharelato o alumnado debe presentar xa un maior coñecemento da lingua e prepararse para afrontar as ABAU). Poderá descontarse ata un máximo de 2 puntos da cualificación da proba. Os erros poderán ser:
 - Moi graves: Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.
 - Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.
 - Leves: Solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.


Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:

A materia ou partes de materia suspensas recuperaranse nun exame de recuperación ao final do trimestre.

Cualificación final/ordinaria

Cálculo para obter a cualificación final/ordinaria de curso:

1. No caso de que o alumno/a teña **aprobadas as tres avaliacións, farase a media** das notas obtidas nas diversas probas feitas durante o curso.
2. No caso de non acadar unha cualificación de 5 ou superior non aprobará a materia e a cualificación será, polo tanto, de INSUFICIENTE.



PROBA EXTRAORDI NARIA PARA BAC

Instrumento	Crit. Cualif.	Criterios de corrección
<p>Probas escritas (a realizar en data fixada pola dirección do centro na que terán que demostrar un coñecemento suficiente dos contidos mínimos):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cuestións referidas aos bloques 1 a 5 do currículo. - Cuestións sobre os estándares sobre lecturas de obras representativas da nosa literatura (parte do bloque 5, Educación literaria). 	<p>90% (9 puntos)</p> <p>10% (1 punto)</p>	<p>-Modelo de exame con preguntas.</p>

Total: suma de cada unha das partes = CUALIFICACIÓN FINAL.

- Aplicarase redondeo á alza cando o alumno/a acadase un decimal superior a 0,75. En caso contrario a nota sería o número enteiro inferior.
- Porén, para obter a cualificación de SUFICIENTE, a cualificación non pode ser inferior a 5, non procedendo, neste caso, ao redondeo á alza.
- O uso de calquera caste de medio fraudulento na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática dun cero (0) na mesma. Así, o alumno/a deberá repetir a proba no tempo e forma que o profesor/a indique.
- Nas probas escritas aplicaranse os **criterios** ortográficos vixentes para os exames de selectividade propostos pola **CIUG** (nos dous cursos de Bacharelato o alumnado debe presentar xa un maior coñecemento da lingua e prepararse para afrontar as ABAU). Poderá descontarse ata un máximo de 2 puntos da cualificación da proba. Os erros poderán ser:
 - Moi graves: Aquelas solucións que son alleas ó sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono...). Descontaranse 0,2 puntos.
 - Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*). Acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos.
 - Leves: Solucións galegas alleas ó estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Penalizaranse con 0,05 puntos.

RÚBRICAS CORRESPONDENTES AOS CRITERIOS DE CORRECCIÓN.

RÚBRICA 1. Observación na aula da oralidade.

(0-2)	(3-4)	(5-6)	[7-8]	[9-10]
Non participa nunca e/ou non ten fluidez nas intervencións orais. Tampouco respecta as normas lingüísticas e as que rexen a cortesía na comunicación oral.	Non participa case nunca ou non ten fluidez nas intervencións orais. Tampouco respecta case nunca as normas lingüísticas nin as que rexen a cortesía na comunicación oral.	Participa moi pouco e/ou con pouca fluidez nas intervencións orais. Respecta moi pouco as normas lingüísticas e as que rexen a cortesía na comunicación oral.	Participa de vez en cando e/ou sen demasiada fluidez ou corrección nas intervencións orais. Non sempre respecta as normas lingüísticas e as que rexen a cortesía na comunicación oral.	Participa habitualmente con fluidez e corrección nas intervencións orais respectando as normas lingüísticas e as que rexen a cortesía na comunicación oral.
Exprésase con erros moi graves de fonética e cunha entoación e dicción que non permiten a total comprensión do texto.	Exprésase con erros graves de fonética e cunha entoación e dicción que non sempre permiten a total comprensión do texto.	Exprésase con erros de fonética (n velar e/ou vogais medias) e cunha entoación e dicción pouco claras.	Exprésase con algún erro de fonética e cunha entoación e dicción non sempre claras.	Exprésase respectando a fonética galega e cunha entoación e dicción adecuadas.
Elabora textos nada cohesionados nin coherentes, con graves fallos de corrección e sen usar o rexistro adecuado. O léxico é moi pobre e repetitivo.	Elabora textos pouco, ou nada, cohesionados ou coherentes, con graves fallos de corrección e/ou sen usar o rexistro adecuado. O léxico é pobre e/ou repetitivo.	Elabora textos pouco cohesionados ou coherentes, con fallos de corrección e/ou sen usar o rexistro adecuado. O léxico non é moi rico.	Elabora textos cohesionados e coherentes, con algún fallo de corrección e/ou sen usar o rexistro adecuado. O léxico é variado pero impreciso.	Elabora textos cohesionados, con corrección e coherencia e usando o rexistro adecuado e un léxico variado e preciso.
Non comprende textos orais de diversos ámbitos nin recoñece o sentido global dos mesmos, ideas principais e/ou intención comunicativa do/a autor/a.	Non sempre comprende textos orais de diversos ámbitos e poucas veces recoñece o sentido global dos mesmos, ideas principais e/ou intención comunicativa do/a	Comprende textos orais só do ámbito educativo e recoñece, con dificultades, o sentido global dos mesmos, así como as ideas principais e a intención comunicativa do/a	Comprende textos orais de diversos ámbitos e recoñece, con algunha dificultade, o sentido global dos mesmos, así como as ideas principais e a intención comunicativa do/a	Comprende textos orais de diversos ámbitos e recoñece o sentido global dos mesmos, así como as ideas principais e a intención comunicativa do/a autor/a.

	autor/a.	autor/a.	comunicativa do/a autor/a.	
Non recoñece erros propios nin emprega os mecanismos necesarios para a súa superación.	Case nunca recoñece erros propios nin emprega os mecanismos necesarios para a súa superación.	Recoñece erros propios, pero non sempre emprega os mecanismos necesarios para a súa superación.	Recoñece erros propios e emprega habitualmente os mecanismos necesarios para a súa superación.	Recoñece erros propios, e alleos, e emprega os mecanismos necesarios para a súa superación.

RÚBRICA 2. Observación na aula do traballo escrito e da actitude.

	(0-2]	(3-4)	(5-6)	[7-8)	[9-10]
Traballo	Non presenta ningún traballo ou presenta algún, pero nunca no prazo indicado e/ou estes teñen graves problemas de corrección, coherencia e adecuación.	Non presenta case ningún traballo ou presenta algún, pero non no prazo indicado e/ou estes teñen graves problemas de corrección, coherencia e adecuación.	Presenta moi poucos traballos no prazo indicado e con problemas serios de corrección, coherencia ou adecuación.	Presenta a maioría dos traballos no prazo indicado, sen demasiados problemas de corrección, coherencia e adecuación.	Presenta todos os traballos no prazo indicado, con corrección, coherencia e adecuación.
	Nunca usa as TIC para documentarse nin consulta outras fontes de información.	Nunca, ou case nunca, usa as TIC para documentarse nin consulta outras fontes de información.	Raramente usa as TIC para documentarse nin consulta outras fontes de información con asiduidade.	Usa as TIC para documentarse, pero non consulta ningunha outra fonte de información con asiduidade.	Usa as TIC para documentarse e consulta outras fontes de información con asiduidade.
	Non participa en ningún dos proxectos (se os houber) que se lle ofertan.	Non participa en case ningún dos proxectos (se os houber) que se lle ofertan.	Participa en proxectos (se os houber), pero aporta pouco aos mesmos.	Participa en proxectos (se os houber) de maneira voluntaria.	Participa en proxectos (se os houber) de maneira voluntaria e animosa, aportando moito aos mesmos.
	Non comprende textos orais de	Case non comprende	Comprende textos orais só	Comprende textos orais de	Comprende textos orais de

	diversos ámbitos nin reconece o sentido global dos mesmos, ideas principais e/ou intención comunicativa do/a autor/a.	textos orais de diversos ámbitos e case nunca reconece o sentido global dos mesmos, ideas principais e/ou intención comunicativa do/a autor/a.	do ámbito educativo e reconece, con algunha dificultade, o sentido global dos mesmos, así como as ideas principais e a intención comunicativa do/a autor/a.	diversos ámbitos e reconece, con algunha dificultade, o sentido global dos mesmos, así como as ideas principais e a intención comunicativa do/a autor/a.	diversos ámbitos e reconece o sentido global dos mesmos, así como as ideas principais e a intención comunicativa do/a autor/a.
Actitude	Non participa nunca nas actividades de aula e proxectos; manifesta nulo autocontrol das emocións ao falar e non respecta as opinións dos demais.	Non participa case nunca nas actividades de aula e proxectos; manifesta nulo autocontrol das emocións ao falar e/ou case nunca respecta as opinións dos demais.	Non participa habitualmente nas actividades de aula e proxectos; manifesta escaso autocontrol das emocións ao falar e por veces non respecta as opinións dos demais.	Participa habitualmente nas actividades de aula e/ou proxectos; manifesta certo autocontrol das emocións ao falar e/ou respecta case sempre as opinións dos demais.	Participa sempre ou case sempre nas actividades de aula e proxectos; manifesta autocontrol das emocións ao falar e respecta as opinións dos demais.
	Non reconece erros propios nin emprega os mecanismos necesarios para a súa superación.	Case nunca reconece erros propios e case nunca emprega os mecanismos necesarios para a súa superación.	Reconece erros propios, pero non sempre emprega os mecanismos necesarios para a súa superación.	Reconece erros propios e emprega, habitualmente, os mecanismos necesarios para a súa superación.	Reconece erros propios, e alleos, e emprega os mecanismos necesarios para a súa superación.

RÚBRICA 3. Control dos traballos de lecturas.

(0-2)	(3-4)	(5-6)	[7-8]	[9-10]
Non le ou non comprende as obras indicadas. É incapaz de expoñer con coherencia,	Non le na súa totalidade e/ou case non comprende as obras indicadas. Tampouco expón con coherencia,	Le case toda a obra pero non acomprede na súa totalidade e expón, con dificultades na coherencia, corrección e	Le, pero comprende con algunha pequena dificultade, as obras indicadas e expón, con algún pequeno problema	Le e comprende as obras indicadas e expón, con coherencia, corrección e adecuación, unha opinión persoal


corrección e adecuación unha opinión persoal sobre as mesmas.	corrección e adecuación unha opinión persoal sobre as mesmas.	adequación, unha opinión persoal sobre as mesmas.	de coherencia, corrección ou adecuación, unha opinión persoal sobre as mesmas.	sobre as mesmas.
---	---	---	--	------------------

RÚBRICA 4. Corrección ortográfica, gramatical e lingüística.

(0-2)	(3-4)	(5-6)	[7-8]	[9-10]
Elabora textos pouco ou nada cohesionados ou coherentes, con graves fallos de corrección e redacción e/ou sen usar o rexistro adecuado. O léxico é pobre e/ou repetitivo.	Elabora textos pouco cohesionados ou coherentes, con algúns erros graves de corrección e sen usar o rexistro adecuado. O léxico é pobre e/ou repetitivo.	Elabora textos pouco cohesionados ou coherentes, con fallos de corrección e/ou sen usar o rexistro adecuado. O léxico non é moi rico.	Elabora textos cohesionados e coherentes, con algún fallo de corrección e/ou sen usar sempre o rexistro adecuado. O léxico é variado, pero impreciso.	Elabora textos cohesionados, con corrección e coherencia e usando o rexistro adecuado e un léxico variado e preciso.

Rúbrica 5. Cualificación do traballo realizado nos proxectos.


	(0-2]	(3-4)	(5-6)	[7-8]	[9-10]
Desenvolvemento do traballo	Non realiza o seu traballo e non presenta nada no prazo indicado impedindo que o seu grupo faga.	Case non realiza o seu traballo e case non presenta nada no prazo indicado e impide que o seu grupo o faga.	Presenta moi pouco traballo, non o fai no prazo indicado e/ou entorpece que o seu grupo o faga.	Presenta o traballo no prazo indicado e/ou colabora co grupo dunha forma notable.	Presenta o traballo no prazo indicado e/ou colabora co grupo dunha forma sobresaliente.
	Nunca usa as TIC para documentarse nin consulta outras fontes de información.	Case nunca usa as TIC para documentarse nin consulta outras fontes de información.	Ás veces usa as TIC para documentarse ou consulta outras fontes de información.	Usa as TIC para documentarse, pero non consulta outras fontes de información con asiduidade.	Usa as TIC para documentarse e consulta outras fontes de información.



Actitude e cooperación	Non participa no proxecto e/ou impide que os seus compañeiros/as o fagan.	Case non participa no proxecto e molesta frecuentemente.	Non molesta e participa no proxecto, pero aporta pouco ao mesmo.	Participa no proxecto de maneira voluntaria e/ou colabora cos compañeiros/as.	Participa no proxecto con agrado e aportando moito ao mesmo.
	Non recoñece erros propios nin emprega os mecanismos necesarios para a súa superación.	Case nunca recoñece erros propios e case nunca emprega os mecanismos necesarios para a súa superación.	Recoñece erros propios, pero non sempre emprega os mecanismos necesarios para a súa superación.	Recoñece erros propios e emprega, habitualmente, os mecanismos necesarios para a súa superación.	Recoñece erros propios, e alleos, e emprega os mecanismos necesarios para a súa superación.
Produto final	Non se presenta produto final, o traballo presentado é moi deficiente ou non hai elaboración persoal, senón que copia de xeito evidente.	Presenta traballo final deficiente, con erros graves de corrección ortográfica, gramatical e/ou de coherencia e cohesión. Non utiliza fontes diversas e vese falta de esforzo e traballo.	Presenta un traballo final aceptable, pero con erros de corrección ortográfica, gramatical e/ou de coherencia e cohesión. Utiliza fontes diversas, pero non sempre se ve un traballo persoal.	Presenta un bo traballo final, case sen erros de corrección ortográfica, gramatical e/ou de coherencia e cohesión. Utiliza fontes diversas e presenta un produto propio e bastante traballado.	Presenta un bo traballo final, sen erros de corrección ortográfica, gramatical e/ou de coherencia e cohesión. Utiliza fontes diversas e presenta un produto propio e moi traballado.

Rúbrica 6. Cualificación das actividades de reforzo e ampliación realizadas entre o periodo abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final.

0,1- 0,2 PUNTOS	0,3 - 0,4 PUNTOS	0,5 - 0,6 PUNTOS	0,7- 0,8 PUNTOS	0,9 – 1 PUNTOS
- Non entrega os traballos ou non o fai en tempo.	-Entrega só algún dos traballos ou non o fai en tempo.	- Entrega a maioría dos traballos e faino en tempo.	- Entrega os traballos todos e en tempo.	- Entrega os traballos todos e en tempo.



<p>- Os traballos presentados que esixirían elaboración persoal copian de xeito evidente os presentados por outro/a compañeiro/a ou están tomados fraudulentamente doutras fontes.</p>	<p>- Presenta moitos erros nos boletíns de gramática.</p> <p>- Nos boletíns de produción textual demostra non comprender os textos nin saber expresar as propias ideas/argumentos.</p> <p>- Presenta erros graves de coherencia, cohesión e corrección gramatical.</p>	<p>- Presenta un número pequeno de erros nos boletíns de gramática.</p> <p>- Nos boletíns de produción textual non sempre entende os textos ou expresa de forma clara e razoada as ideas e argumentos propios.</p> <p>-Non presenta problemas graves de coherencia e cohesión, apenas hai contradicións, a organización do texto producido é correcta e a corrección gramatical aceptable.</p>	<p>- Non presenta erros salientables nos boletíns de gramática.</p> <p>- Nos boletíns de produción textual presenta, non só capacidade para a comprensión, senón tamén certa orixinalidade e esforzo por profundizar no entendemento do texto e na exposición das ideas e argumentos propios.</p> <p>-Presenta coherencia e cohesión, sen contradicións e a organización do texto producido e a produción gramatical son correctas.</p>	<p>- Non presenta erros nos boletíns de gramática.</p> <p>- Nos boletíns de produción textual presenta, non só capacidade para a comprensión, senón tamén orixinalidade e esforzo por profundizar no entendemento do texto e na exposición das ideas e argumentos propios.</p> <p>-Presenta coherencia e cohesión, sen contradicións, e a organización do texto producido é correcta e está gramaticalmente ben construído.</p>
--	--	--	---	---

8. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.

8.1. ALUMNADO DA ESO.

Ao alumnado de ESO coa materia pendente de cursos anteriores entregaráselles 3 boletíns de actividades e exercicios correspondentes á materia que se traballou no curso anterior para preparar a materia pendente.

Terá dúas vías para aprobala:


- a) Entregar os **3 boletíns**, correctamente feitos e completos no **período establecido (aplicarase rúbrica)** e **aprobar a primeira e segunda avaliación do curso superior**.
- b) De non aprobar coa opción a), o alumnado terá a posibilidade de presentarse a un **exame cando Xefatura indique**, no que será avaliado de toda a materia do curso que teña pendente. Os estándares do bloque 1 a 5 serán avaliados con 9 puntos e a lectura con 1 punto.

8.2. ALUMNADO DE BACHARELATO.

O alumnado de Bacharelato utilizará como guía de traballo e estudo o libro de texto usado no curso anterior. O profesorado poñerá ao seu dispor tamén uns boletíns para preparar a materia que terá que recuperar no exame en tempo e forma que indique Xefatura de Estudos.

Rúbrica para a avaliación da materia pendente da ESO

Insuficiente (1-2)	Insuficiente (3-4)	Aprobado (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaliente (9-10)
Non asistiu ás reunións cando foi convocado/a.	Non asistiu ás reunións cando foi convocado.	Ponse en contacto co profesor ao longo do curso, nalgún momento, aínda que non <i>motu proprio</i> .	Asiste á reunión cando é convocado/a.	Asiste á reunión cando é convocado/a.
Non contacta nin acode ao profesor para consultar dúbidas.	Non acode ao profesor a consultar dúbidas durante o curso.	Poucas veces acode ao profesor a consultar dúbidas.	Consulta dúbidas durante o curso.	Consulta dúbidas durante o curso.
Non entrega ningún dos boletíns de exercicios.	Non entrega os boletíns de exercicios en prazo e cando o fai están moi incompletos	Entrega os boletíns de exercicios feitos de forma aceptable e/ou no último prazo.	Entrega os boletíns de exercicios no prazo indicado.	Entrega os boletíns de exercicios no prazo indicado demostrando esforzo, traballo e corrección.
Non aproba a 1ª e 2ª avaliación do curso seguinte.	Non aproba a 1ª e 2ª avaliación do curso seguinte.	Aproba a 1ª e 2ª avaliación do curso seguinte.	Aproba a 1ª e 2ª avaliación do curso seguinte.	Aproba 1ª e 2ª avaliación do curso seguinte.




9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

9.1. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL.

A avaliación inicial estará deseñada en base aos seguintes parámetros:	<p>1º A información recollida nos informes individualizados do alumnado.</p> <p>2º A información que cada membro do Departamento aportou con respecto a aqueles contidos considerados imprescindibles non vistos ou non adquiridos polo alumnado no curso pasado nos niveis en que impartiu clase.</p> <p>3º Engadirase a información aportada polo Departamento de Orientación ou Xefatura de Estudos, se así o cren oportuno, sobre aquel alumnado con especial problemática, especialmente o que provén doutros centros.</p>
Temporalización e actuacións:	<p>1º Realización das preavaliacións na 1ª semana do curso.</p> <p>2º Corrección e recollida de datos por parte de cada profesor/a.</p> <p>3º Envío deses datos/posta en común coa Xefatura do Departamento, por unha banda, e con Orientación e Xefatura de Centro na Preavaliación, por outra.</p> <p>4º Deseño por parte do profesor/a das medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar en función dos resultados obtidos.</p>

Prestarase especial atención a comprobar os seguintes aspectos:

2º e 4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> - A partir dun texto, sondearase con preguntas de diverso tipo o nivel de adquisición de contidos de anos anteriores, prestando especial atención á comprensión de texto. - Comprobarase o seu nivel de expresión a través da redacción dalgún tipo de texto básico. - Tamén se realizarán preguntas xerais sobre cuestións gramaticais e ortográficas, así como literarias.
--------------------	--



2º Bacharelato	- A partir dun texto, por exemplo o exame de ABAU, sondearase o nivel de adquisición de contidos da ESO, especialmente os que se consideren máis importantes para Bacharelato, a partir de cuestións relacionadas tanto coa comprensión e produción de textos, como cos coñecementos gramaticais e literarios máis relevantes.
---------------------------	--

9.2. MEDIDAS OU PLAN DE REFORZO.

En función dos datos recollidos por parte de cada profesor/a, xunto cos obtidos na posta en común coa Xefatura do Departamento, por unha banda, e con Orientación e Xefatura de Centro na Preavaliación, por outra, cada profesor/a adoptará as medidas individuais ou colectivas que considere oportunas.


Estas medidas iranse revisando en cada reunión de Departamento para avaliar a súa eficacia e introducir os cambios ou axustes que sexan necesarios, incidindo de xeito especial nos seguintes aspectos:

- A comprensión dun nivel de lectura e comprensión da mesma adecuado ao nivel propio do alumnado de cada curso.
- A comprensión escrita de calquera tipo de textos.
- A expresión escrita e elaboración dos propios textos, prestando especial atención á coherencia, cohesión e nivel de madurez dos textos que elaboren, así como á corrección gramatical.

Para iso será necesario traballar e insistir na importancia das lecturas propostas para cada nivel, tanto en voz alta (sobre todo no 1º ciclo da ESO onde se fai boa parte da lectura obrigatoria na aula) como de xeito individual (no resto dos cursos).

Tamén se insistirá no traballo con textos, na súa comprensión, nos dobres sentidos, na intención do autor e na elaboración de textos propios de todo tipo.

Por último, farase un seguimento especial e individual daquel alumnado que na avaliación inicial presente especiais carencias para intentar que as supere. Neste sentido, tamén será importante a comunicación co profesor/a de Reforzo (no caso do alumnado que o precise) e co Departamento de Orientación, para traballar de forma coordinada.



10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No presente curso 2019/20 o Departamento de Lingua e Literatura Galega disporá, para atención á diversidade, dos seguintes elementos e ferramentas:

- a) **Unha titoría para o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores.** Esta titoría, en coordinación con Xefatura de Estudos, encargarase de explicar e asesorar individualizadamente a cada alumno ou alumna que se atope nesa situación académica no tocante a contidos mínimos, lecturas obrigatorias, metodoloxía, calendario de probas opcionais, ordinarias e extraordinarias, criterios de avaliación, etc. que rexen para o presente curso.
- b) **2 horas de reforzo** de linguas para o nivel de 1º de ESO e outras 2 para 2º ESO.
- c) **Tres horas de Xefatura de Departamento** de Lingua Galega e Literatura nas que se atenderán as dúbidas, preguntas, suxestións, etc. que queira formular o alumnado con dificultades de aprendizaxe ou os seus pais/nais/titores legais en relación á materia.
- d) **Materiais diversos** (dicionarios, cadernos, cd-roms, fichas, modelos de probas...), tanto depositados no propio Departamento como na Biblioteca do Centro, a disposición do alumnado con dificultades de aprendizaxe que queira empregalos na preparación da materia.
- e) Ao **alumnado repetidor faráselle un seguimento trimestral** a través dun documento entregado a principio de curso, indicando os problemas detectados que contribuíron á repetición, os resultados da avaliación inicial e a análise dos puntos fortes e febles do alumno/a, así como o plan de intervención e o compromiso do alumno/a a seguir este plan.

11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

O proceso de ensino-aprendizaxe é dinámico e participativo. Como docentes temos que dispor de instrumentos que nos permitan ir calibrando e reaxustando as nosas debilidades e fortalezas e aqueles aspectos que o necesiten, un control permanente da calidade co fin de mellorar o proceso.

Para avalialo, cómpre realizar unha recollida sistemática de información. Para iso describiremos unha listaxe de indicadores de logro que nos permitirán observar o avance do proceso, o cumprimento da programación e a práctica docente. Este traballo de reflexión sobre o proceso de ensino e a práctica docente permitiranos:

- Diagnosticar os puntos fortes e débiles.
- Coñecer o punto de partida do alumnado, facilitando a adaptación do currículo e a toma de decisións respecto á organización da programación.
- Regular a aprendizaxe do alumnado, a metodoloxía, o nivel de esixencia, a cantidade de contidos... en función do desenvolvemento acadado polo alumno/a.
- Prever ou estimar os rendementos e desempeños do alumnado.
- Reconducir os distintos elementos da formación en función do progreso do alumno/a.
- Atender ás esixencias da Administración no seguimento e control da práctica docente.
- Introducir propostas de mellora.

Como instrumento para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe, temos unha escala de valoración descritiva de **carácter trimestral**:

O PROCESO DE ENSEÑANZA - APRENDIZAXE		
INDICADORES DE LOGRO	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
1. Realízase a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detéctanse os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revísanse con frecuencia os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporcionase a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como poder melloralas.		
5. Corríxense e explícanse de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado, e danse pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utilízanse suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorécense os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propóñense novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
9. Propóñense novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
10. Utilízanse diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes etc.		
11. Empréganse diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais.		

Complementaremos a análise coa seguinte escala numérica:

O PROCESO DE ENSINANZA - APRENDIZAXE				
INDICADORES DE LOGRO	ESCALA			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender o alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Déuselle un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Escala para avaliar a diversidade da aula antes do comezo das clases.

ESCALA PARA AVALIAR A DIVERSIDADE				
[1 = nunca; 2 = ás veces; 3 = normalmente; 4 = sempre]	1	2	3	4
Que fago para coñecer a composición da clase.				
-Pasar unha proba ao comezo do curso escolar.				
-Ler os informes anteriores.				
-Ver os resultados da avaliación.				
-Facilitama o xefa de estudos.				
-Facilítanma nas reunións de grupo.				
-Consúltoa directamente no Xade.				
-Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.				
-A miña programación ten en conta a diversidade.				
Doulle a cada alumno/a a explicación que precisa.				
No grupo grande.				
No grupo pequeno.				
De forma individual.				
Propoño exercicios de diferente nivel en cada unidade e cada exame.				
Teño en conta ao alumnado que se afasta da media dos resultados(tanto por arriba como por abaixo).				
OBSERVACIÓNS				

Indicadores de logro para avaliar a práctica docente:

A PRÁCTICA DOCENTE				
INDICADORES DE LOGRO	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécenselle a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino–aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				

14.O profesorado implícase nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo etc. están vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O Departamento de Lingua Galega e Literatura do IES “A Basella “ de Vilanova de Arousa presentará neste curso 2022-2023 aos órganos de dirección do Centro e ao seu Consello Escolar a seguinte proposta, con carácter provisorio, de actividades complementarias e extraescolares:

1. Asistencia a **representacións teatrais e/ou espectáculo de contacontos**, en función da oferta que se presente durante o período escolar.

2. **Visita ou videoconferencia dalgún escritor ou escritora** ao Centro para dar charla sobre a súa obra ou recitar a súa poesía dirixida aos cursos que teñan entre as lecturas programadas algunha do autor/a en cuestión. Data a determinar en función de dispoñibilidades.

3. **Visita á Casa-Museo de Cabanillas e ao Pazo de Fefiñáns en Cambados** (1º trimestre) co alumnado de 2º de Bacharelato.

4. **Conmemoración do Día de Rosalía** (en colaboración coa biblioteca do centro):
 - Visita á Casa de Rosalía en Padrón co alumnado de 1º de Bacharelato.

 - Realización de actividades variadas no centro co alumnado da ESO: kahoots, buscas do tesouro, elaboración de cartaces e xogos literarios de diverso tipo.

5. **Semana das Letras Galegas.** Realizaranse actividades variadas en colaboración coa Biblioteca do Centro e en datas a concretar, en todo caso por volta do mes de maio, como:

- Conferencias e visitas dalgún autor/persoeiro.
- Concurso de Relato Breve en colaboración coa ANPA.
- Actividades a realizar no centro: busca do tesouro, escape room, elaboración de cartaces, kahoots, lecturas nas aulas, xogos literarios, gravación de podcast...
- Exposición no centro de material sobre o autor/a homenaxeado ou sobre algún tema/aspecto relacionado co traballo desenvolvido por ese autor/a.
- Exposición/presentación/publicitación no centro e nas redes de todo aquel material que o alumnado do centro realizase na nosa materia en calquera curso (cadernos de viaxe, podcasts...).

6. **Apadriñamento lector** (en colaboración coa Biblioteca do IES): o alumnado do 1º ciclo da ESO escollerá lecturas para “apadriñar” lectores do CEIP Xulio Camba e este curso intentarase tamén apadriñar lectores no CEIP de Viñagrande. Mes de maio.

7. Saída co alumnado do 1º ciclo a **roteiros relacionados cos libros de lectura** *O misterio de Portomarín* e *O misterio do torque de Burela*, de Antía Yáñez.

8. Colaboración co Equipo de Biblioteca e Dinamización do centro en todas aquelas actividades que precisen da nosa colaboración.

13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Esta programación didáctica será revisada con periodicidade **TRIMESTRAL**, coincidindo coas avaliacións, sen prexuízo de que nas reunións mensuais de Departamento se vaia facendo un seguimento por grupo e nivel e se vaian introducindo as modificacións que sexan pertinentes.

A **FINAL DO CURSO** revisaranse as liñas xerais, sobre todo de carácter metodolóxico e cualificación e recolleranse as conclusións na memoria do Departamento. Tamén se tomará nota de todos aqueles cambios ou melloras que se consideren oportunas para introducilos na Programación do vindeiro curso.

Tanto para a **AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE** como para a **AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO** traballarase cunha táboa como a que segue:

INDICADORES DE LOGRO INSTRUMENTO	TEMPORALIZACIÓN MODIFICACIÓN
Acta	Avaliación inicial
Acta	1ª Avaliación
Acta	2ª Avaliación
Acta	Avaliación final

14. DATOS DO DEPARTAMENTO.

O Departamento de Lingua Galega e Literatura do IES A Basella de Vilanova de Arousa está constituído polos seguintes profesores:

Xulio Vaz Domínguez
Emilio Xosé Ínsua López
Natalia Blanco Arca
Davide Fernández García

15. REFERENCIAS NORMATIVAS.

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

ANEXO I. LECTURAS.

2º ESO

1º Avaliación	Yáñez, Antía, <i>O misterio do torque de Burela</i>
2ª Avaliación	Campo, Marica, <i>E Xoel aprendeu a voar</i>
3ª Avaliación	Núñez Singala, Manuel: <i>Atranco no banco</i>

4º ESO (escoller 1 por avaliación)


1º Avaliación	Rexes Lionel, <i>A raíña das velutinas</i> ou Mejuto, Eva, <i>Memoria do silencio.</i>
2ª Avaliación	Misia, Iria, <i>Xa non estou aquí</i> ou Alfaya, An, <i>O grupo.</i>
3ª Avaliación	Aleixandre, Marilar, <i>A cabeza de Medusa</i> ou Aleixandre, Marilar, <i>A filla do Minotauro.</i>

2º BACHARELATO

Lecturas con carácter obrigatorio (5):

2 no primeiro trimestre, a elixir entre estes títulos:

<i>Os dous de sempre</i> , de Castelao (novela)
<i>Os vellos non deben de namorarse</i> , de Castelao (teatro)
<i>A fiestra valdeira</i> , de Rafael Dieste (teatro)
<i>Dos arquivos do trasno</i> , de Rafael Dieste (relatos)
<i>Arredor de si</i> , de Otero Pedraio (novela)
<i>O porco de pé</i> , de Risco (novela)
<i>Da Terra asoballada</i> , de Ramón Cabanillas (poesía)
<i>Almas mortas</i> , de Antón Villar Ponte (teatro)
<i>De catro a catro</i> , de Manuel Antonio (poesía)




2 no segundo trimestre, a elixir entre estes títulos:

O incerto señor Don Hamlet, de Cunqueiro (teatro)
As crónicas do Sochantre, de Cunqueiro (novela)
Merlín e familia, de Cunqueiro (novela)
Á lus do candil, de Ánxel Fole (relatos)
O irlandés astrólogo, de Luís Seoane (teatro)
A esmorga, de Blanco Amor (novela)
Ilustrísima, de Carlos Casares (relatos)
Percival e outras historias, de Méndez Ferrín (relatos)
Adiós, María, de Xohana Torres (novela)
Son noxento, de M^{ra} Xosé Queizán (novela)
Scórpio, de Carvalho Calero (novela)
As malas mulleres, de Marilar Aleixandre (novela)

1 no terceiro trimestre, a elixir entre estes títulos:

Seique, de Susana S. Aríns (novela)
O clube da calceta, de María Reimóndez (novela)
Un millón de vacas, de Manuel Rivas (relatos)
O encargo do señor Castelao, de Luís Rei Núñez (novela)
Made in Galiza, de Séchu Sende (relatos)
55 mentiras sobre a lingua galega, coordinado por Henrique Costas (ensaio).
Inmateriais, de Suso de Toro (ensaio)
Velenos, de Xesús Pisón (teatro)
Saxo tenor, de Roberto Vidal Bolaño (teatro)
Cemiterio de elefantes, de Fran Alonso (relatos)
Matar o heroe, de Adolfo Caamaño (novela)



Avaliación das lecturas obrigatorias

Farase en cada trimestre unha proba escrita para verificar que se fixeron proveitosamente estas lecturas.

A realización das lecturas obrigatorias terase en conta na nota final nunha porcentaxe de 0'5% sobre o total (+0'10 cada libro).

O emprego de métodos fraudulentos será considerado causa de non superación do requisito e será penalizado ademais coa perda de todos os puntos obtidos ata entón neste capítulo.

Ademais, cada alumno/a poderá entregar con carácter voluntario un breve traballo escrito sobre algunha cuestión relacionada coa obra de lectura obrigatoria, completando un guión que lle facilitará a tal efecto o/a profesor/a da materia.

A entrega de traballos voluntarios que estean correctamente realizados será recompensada na nota **final** co engadido de 0'20 puntos por cada un, ata un máximo de cinco traballos (1 punto).

Na convocatoria extraordinaria, só se terá en conta a efectos da avaliación a demostración das lecturas obrigatorias.

PENDENTES

Terán que examinarse dalgunha das lecturas (as que profesor indique) a escoller entre as que teñan que ler no presente curso no que estean.